



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de AGOSTO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día trinta de agosto de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(671).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de agosto e extraordinaria urxente do 27 de agosto de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(672).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE LICENCIAS "ZIMBRA COLLABORATION NETWORK EDITION" E O SOPORTE DO SISTEMA DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO "ZIMBRA". EXPTE. 10427/113.

Visto o informe xurídico do 01/08/2024 e o informe de fiscalización do 21/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2024, asinado polo xefe do

servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O contrato de Mantemento de licencias “zimbra collaboration network edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo “zimbra” (expte. 9550/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de setembro de 2021, á empresa QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., por un prezo total de 19.208,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.333,75 euros, con cargo ás partidas 9207.2279902 (Mantemento software) e 9207.2270603 (Servizos e traballos técnicos).

O contrato formalizouse en data 05/10/2021, entrando en vigor o 06/10/2021 e rematando o 05/10/2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/07/2022 autorízase a primeira prórroga do contrato a favor da empresa QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. polo período de dous anos, do 06/10/2022 ao 05/10/2024, por importe de 38.417,50 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 6.667,50 euros

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 4 de xullo, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.
- No apartado 4.C das FEC indícase: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, dúas prórrogas dous anos de duración cada unha"*.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2022 a 2024.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *"O prezo aboarase, previa presentación de factura polo adxudicatario, que deberá ser conformada polo responsable do contrato, do seguinte xeito:*
 - > O importe correspondente ao servizo de actualización, mantemento e filtrado, dado que son licencias, deberán aboarse os correspondentes o ano 2021 ó inicio da execución do programa, e os correspondentes o ano 2022 no primeiro trimestre do ano.*
 - > O importes das asistencias técnicas serán abonadas posteriormente á prestación completa das mesmas, dentro de cada un dos exercicios 2021 e 2022.*
- Para esta segunda prórroga se pretende facturar o importe correspondente ao servizo de actualización e mantemento (licenzas) no primeiro trimestre dos exercicios 2025 e 2026 e os importes das asistencia técnica posteriormente á prestación das mesmas nos exercicios 2025 e 2026.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 38.417,50 euros, dos cales 6.667,50 euros corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicación orzamentaria e exercicios:

Partida	Exercicio	Base	Ive	Importe total
9207.2279902 Mantemento software	2025	10.743,79	2.256,20	12.999,99
9207.2270604 Traballos técnicos non incluídos no contrato vixente	2025	5.131,21	1.077,55	6.208,76
Total exercicio 2025				19.208,75
9207.2279902 Mantemento software	2026	10.743,79	2.256,20	12.999,99
9207.2270604 Traballos técnicos non incluídos no contrato vixente	2026	5.131,21	1.077,55	6.208,76
Total exercicio 2026				19.208,75
TOTAL				38.417,50

5. A empresa *QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento de licenzas “Zimbra Collaboration Network Edition” e soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 108687/2024 recibida pola empresa con data 08/07/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 4 de xullo de 2024, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.

8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira-delegada da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRÓRROGA DO CONTRATO PARA O MANTEMENTO DE LICENCIAS “ZIMBRA COLLABORATION NETWORK EDITION” E O SOPORTE DO SISTEMA DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO “ZIMBRA”. (expte. 9550-113) polo período de dous anos, do 6 de outubro de 2024 ao 5 de outubro de 2026, polo importe total de 38.417,50 € IVE incluído.
- 2.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **38.417,50 euros** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>Ive</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 Mantemento software	2025	10.743,79	2.256,20	12.999,99
9207.2270604 Traballos técnicos non incluídos no contrato vixente	2025	5.131,21	1.077,55	6.208,76
Total exercicio 2025				19.208,75
9207.2279902 Mantemento software	2026	10.743,79	2.256,20	12.999,99

Partida	Exercicio	Base	Ive	Importe total
9207.2270604 Traballos técnicos non incluídos no contrato vixente	2026	5.131,21	1.077,55	6.208,76
Total exercicio 2026				19.208,75
TOTAL				38.417,50

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(673).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE "EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS". EXPTE. 97471/332.

Visto o informe de fiscalización do 21/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de contratación de data 14/08/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 22/04/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 30/05/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de educación básica de persoas adultas por procedemento aberto.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 160.000,00 euros, exento de IVE, para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal educación básica de persoas adultas, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9916 “Programa educación básica persoas adultas”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 15.000,00 euros correspondentes ao ano 2024;
- 40.000,00 euros correspondentes ao ano 2025;
- 40.000,00 euros correspondentes ao ano 2026;
- 40.000,00 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 25.000,00 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS	98,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS, o día 24 de xullo de 2024, que presenta a documentación requirida o 5 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da licitadora, o obxecto social e o apoderamento da súa representante, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- O acordo de constitución da asociación, a escritura de titularidade real e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento da representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (28.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (28.000,00 €), presentan certificado de boa execución no que o importe correspondente ao ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva (7.800,00 €).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 14 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 19 de xullo de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 24 de xullo de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 156.000,00 euros, IVE exento.*
- b) *Comprométese á impartición de unha actividade complementaria de carácter mensual dentro do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 4.1.3 do PPT.*
- c) *Comprométese á impartición de unha actividade extraescolar mensual fóra do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto no punto 4.1.3 do PPT.*
- d) *Comprométese á impartición de un curso anual específico de formación de persoal, de duración igual ou maior de 10 horas, de conformidade co contemplado no punto 4.7 do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(674).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VALADO DE MADEIRA. EXPTE. 50956/446.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/08/2024, asinado pola técnica de administración xeral (P.D. 19/08/2024) e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro do subministro de valado de madeira (50956-446).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro do subministro de valado de madeira (50956-446), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 5 de agosto de 2024, rematando o prazo de presentación de ofertas o 21 de agosto do 2024.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 26 de agosto de 2024, non se presentou ningunha proposición a presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 26 de agosto de 2024, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

Segundo. - A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro do subministro de valado de madeira (50956-446) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(675).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 3180/500.

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 08/08/2024 e o informe de fiscalización do 12/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2024, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT), modificada pola Lei 13/2023, do 24 de maio, en transposición da Directiva (UE) 2021/514 do Consello de 22 de marzo de 2021, pola que se modifica a Directiva 2011/16/UE relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e outras normas tributarias (en adiante, Lei 13/2023)
- Real Decreto 117/2024, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolven as normas e os procedementos de dilixencia debida no ámbito do intercambio automático obrigatorio e se modifican o Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, en transposición da Directiva (UE) 2021/514 do Consello de 22 de marzo de 2021 pola que se modifica a Directiva 2011/16/UE relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e outras normas tributarias
- Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, (en adiante, RXR)
- Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro de 2023 aprobouse a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

I.- Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexerse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas no marco normativo de aplicación e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

II.- Procede a modificación do artigo 65.1c) relativo ao procedemento de comprobación limitada, co fin de harmonizar a súa redacción ao contido do artigo 136.c) da LXT, trala modificación realizada na LXT pola Lei 13/2023. Con esta modificación e en aras de mellorar a efectividade deste tipo de procedementos, se recoñece a facultade da Administración tributaria de comprobar a contabilidade mercantil, aos sos efectos de constatar a coincidencia entre o que figure na mesma e a información que obre en poder da Administración.

III.- Efectúanse as oportunas adaptacións propostas pola Recadación Municipal no artigo 73 (que regula a poxa de bens), co fin de adecuar o contido deste precepto ás modificacións operadas no Regulamento xeral de recadación polo Real Decreto 117/2024, de 30 de enero. En concreto, cómpre realizar as seguintes modificacións no artigo 73:

- segundo parágrafo do apartado 3, para adecualo á modificación operada polo RD 117/2024 no apartado 1 do artigo 103 bis do RXR,
- apartado 7, para adaptalo á modificación operada polo RD 117/2024 no apartado 1 do artigo 104 bis do RXR e
- derradeiro parágrafo do apartado 8, a fin de adaptalo á modificación operada polo RD 117/2024 no apartado 4 do artigo 104 bis do RXR

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral non terá repercusión económica.

4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

"(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento

de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 1 FISCAL XERAL.**

ARTIGO 65.- PROCEDIMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA.

c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.

O exame da contabilidade limitarase a constatar a coincidencia entre o que figure na mesma e a información que obre en poder da Administración tributaria, incluída a obtida no procedemento.

O exame da contabilidade non impedirá nin limitará a ulterior comprobación das operacións a que a mesma se refire nun procedemento de inspección.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS.

3. Modificación do segundo parágrafo:

Todo/a licitador/a, para ser admitido/a como tal, deberá constituir o seguinte depósito:

- a) Un depósito do 10 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexe puxar sexan exclusivamente bens mobles.
- b) Un depósito do 5 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexe puxar sexan bens inmobles ou conteñan polo menos un ben inmovible.

7. Modificación do segundo parágrafo:

A adxudicación será notificada ao/á adxudicatario/a, instándolle para que efectúe o pago da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que se non o completa no devandito prazo perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do

procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer o/a adxudicatario/a polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pago do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado/a en todo caso.

En caso de impago do prezo de remate polo/a adxudicatario/a, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer polos danos e prexuízos causados á Administración que orixine a falta de pagamento do prezo de remate. Neste caso a Mesa, atendendo ao interese público, poderá adxudicar o ben ou lote á mellor oferta con reserva de depósito ou declarar deserta a poxa, aínda que dita oferta fose superior ao 50 por cento do tipo de poxa.

8. Modificación parágrafo terceiro

Se finalizados os procedementos de enaxenación e, no seu caso, adxudicación á Facenda Pública, quedaran bens ou dereitos sen adxudicar, os mesmos poderán ser obxecto de novos procedementos de enaxenación sempre que non se tivera producida a prescrición da acción de cobro das débedas respecto das que se desenvolven ditos procedementos.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

1º) Aprobar provisionalmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 1 FISCAL XERAL

ARTIGO 65.- PROCEDIMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA.

c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.

O exame da contabilidade limitarase a constatar a coincidencia entre o que figure na mesma e a información que obre en poder da Administración tributaria, incluída a obtida no procedemento.

O exame da contabilidade non impedirá nin limitará a ulterior comprobación das operacións a que a mesma se refire nun procedemento de inspección.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS.

3. Modificación do segundo parágrafo:

Todo/a licitador/a, para ser admitido/a como tal, deberá constituir o seguinte depósito:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- a) Un depósito do 10 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexe puxar sexan exclusivamente bens móbiles.
- b) Un depósito do 5 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexe puxar sexan bens inmóbiles ou conteñan polo menos un ben inmóbil.

7. Modificación do segundo parágrafo:

A adxudicación será notificada ao/á adxudicatario/a, instándolle para que efectúe o pago da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que se non o completa no devandito prazo perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o/a adxudicatario/a polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pago do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado/a en todo caso.

En caso de impago do prezo de remate polo/a adxudicatario/a, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos danos e prexuízos causados á Administración que orixine a falta de pagamento do prezo de remate. Neste caso a Mesa, atendendo ao interese público, poderá adxudicar o ben ou lote á mellor oferta con reserva de depósito ou declarar deserta a poxa, aínda que dita oferta fose superior ao 50 por cento do tipo de poxa.

8. Modificación parágrafo terceiro

Se finalizados os procedementos de enaxenación e, no seu caso, adxudicación á Facenda Pública, quedaran bens ou dereitos sen adxudicar, os mesmos poderán ser obxecto de novos procedementos de enaxenación sempre que non se tivera producida a prescrición da acción de cobro das débedas respecto das que se desenvolven ditos procedementos.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenizará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(676).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE. 3181/500.

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 08/08/2024 e o informe de fiscalización do 12/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/08/2024, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración municipal
- Real Decreto 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario
- Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por el Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro do 2023 aprobouse a última actualización de tipos impositivos na Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do IBI.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

a) A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2025 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2025 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal.

b) Nos expedientes de modificación de ordenanzas para 2024, consistentes nunha actualización dun 4%, tomáronse como referencia a variación de indicadores entre novembro 2020- a xuño 2023, sendo a variación do IPC un 15,38%.

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, xuño 2024. A data de partida da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que os/as contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC entre novembro de 2020 ata xuño de 2024 alcanzou o 19,20%. Durante este período o Concello de Vigo só aprobou por acordo plenario do 23.09.2023 unha actualización do 4%. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 12,75%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal pode notificarse nesa mesma porcentaxe do 12,75%.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos/as contribuíntes, entre os anos 2020 e 2024, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos superiores aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 17,82%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 16,48% e os salarios pactados en convenio, o 12,23%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2025.

A actualización dos tipos impositivos nun 4% contida no presente expediente, unida á xa aprobada do 4% para o ano 2024, totalizaría unha actualización do 8,16% entre 2020 e 2024, porcentaxe aínda moi inferior ao conxunto dos indicadores económicos citados, pois

o máis reducido de todos eles ascende ao 11,56% e se comparamos coa variación do IPC (19,20 %), a redución en termos reais dos tipos impositivos aínda é do 9,26% o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal de 2025 pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 9,26%.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 72 os límites máximos e mínimos nos que deben moverse os tipos de gravame deste imposto. A súa aplicación ao noso Concello determina un tipo máximo do 0,90% nos inmobles de natureza rústica, un 1,23% nos inmobles de natureza urbana e un 1,3% nos inmobles de características especiais.

A proposta que se formula implica unha actualización nos tipos vixentes dende 1 de xaneiro de 2024 para inmobles de natureza rústica, urbana e BICES nun 4%.

Respecto dos tipos impositivos diferenciados para inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións unha determinada contía de valor catastral, a porcentaxe de actualización será tamén do 4%.

d) Actualízase na mesma porcentaxe que os tipos impositivos o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a aplicación de bonificacións na cota relativas á vivenda habitual de familias numerosas. Este beneficio constitúe un gasto fiscal neste imposto de aproximadamente 104.000€.

O conxunto dos beneficios fiscais, de aplicación neste imposto, recollidos nos artigos 62, 73 e 74 do TRLRFL e outra lexislación sectorial supera, no vixente exercicio a cifra de 5.371.600€.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana así como na partida do Imposto de Bens Inmobles de Características Especiais do próximo exercicio 2025:

Segundo os datos extraídos do presente orzamento do 2024, no exercicio 2024 a previsión orzamentaria é de 71.552.000€, polo que o impacto orzamentario da actualización do 4% sería de 2.862.080€. O impacto da actualización do 4% sobre os ingresos estimados en 2024 polo imposto dos BICES (2.970.000€) sería de 118.800€.

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2025 da presente modificación acadaría o importe de 2.862.080€ no concepto 11200 do presuposto de ingresos e 118.800€ no concepto 11400.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesiedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

4.2.5. Os establecementos industriais, comerciais e de servizos cun volume de residuos superior a 800 litros/día depositarán estes nos colectores que determine o servizo municipal de limpeza, de acordo coas necesidades de organización do citado servizo segundo a zona ou rúa e tributarán por esta taxa coas seguintes cotas:

- Por cada colector de 800/1.000 l: 2.680,86 €
- Por cada colector de 2.400/3.000 l: 7.534,96 €

Así, as cotas resultantes, para as distintas actividades, que se derivan dos artigos 4.2 e 5.2, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

ARTIGO 5. REDUCIÓNS

5.1. Aplicarase unha redución do 65% da cota variable para aqueles suxeitos pasivos que acrediten a participación dos habitantes da vivenda na recollida separada de residuos mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente. A tal efecto, considerarase acreditada a participación na recollida separada de residuos se cumpren calquera das seguintes condicións:

- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan realizado depósitos de residuos orgánicos no colector separado da fracción orgánica (colector marrón).
- Que a vivenda conte de composteiro domiciliario entregado polo servizo municipal de limpeza, sempre que non se constate o incumprimento ou falta de uso do mesmo.
- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teña realizado, como mínimo, unha entrega a algún dos puntos limpos municipais.
- Que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan depositado, como mínimo unha vez, residuos voluminosos (enseres) ou restos de podas de domicilios particulares, sempre que o depósito destes residuos teña sido comunicada e realizada de acordo co establecido polo servizo de limpeza.

Para a aplicación desta redución na cota variable, será necesario que o servizo municipal de limpeza facilite aos servizos tributarios datos sobre os “comportamentos responsables” mencionados anteriormente, sen prexuízo das comprobacións que realicen os propios servizos tributarios.

Así, as cotas resultantes para as vivendas que se derivan dos artigos 4.1, 5.1 e 5.3, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

5.2. Aplicarase unha redución do 40% da parte do coeficiente de actividade que exceda de 1 para todos aqueles establecementos que acrediten unha adecuada separación das



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

diferentes fraccións de residuos e o correcto depósito nos colectores habilitados a tal efecto polo servizo municipal de limpeza, de acordo coa normativa aplicable.

Presumirase cumprida a condición para esta redución por parte de todos os establecementos, agás naqueles casos nos que os servizos tributarios ou o servizo de limpeza acrediten o incumprimento das mesmas.

Así, as cotas, para actividades económicas, que se derivan dos artigos 4.2 e 5.2, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

5.3. Aplicarase unha redución do 100% da cota tributaria para as vivendas que constitúan a residencia habitual da persoa solicitante, sempre e cando os ingresos brutos anuais per cápita, de todas as persoas convivintes sexan inferiores a 4.860 € e, 7.051 € para familias numerosas. O cómputo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta redución haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 54.136€.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5.

5.3.1. No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a redución.

5.3.2. No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

5.3.3. No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

5.3.4. No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

5.3.5. No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza, ou de protección ou medida cautelar, informe do ministerio fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/ 2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase a súa

renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

5.3.6. No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia, debendo acompañar certificado de familia monoparental á solicitude.

5.3.7. No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50. O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude.

5.3.8. No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

5.3.9. No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

5.3.10. No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

5.3.11. Presentaran solicitude de redución unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar redución, se procede, nos sucesivos exercicios.

5.3.12. Procederá Resolución da Concellería de Economía e Facenda para establecer procedemento e /ou interpretación e/ou aclaración respecto do contido do apartado 1 anterior.

5.3.13. As solicitudes de redución deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran presentadas.

De presentarse algunha solicitude de redución entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel no que fora presentada, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

5.3.14. No caso de que con posterioridade á solicitude de redución e antes do 30 de abril do exercicio no que deba producir efectos, houbera cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas ocupantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

De non seren comunicados estes cambios, a solicitude non será tramitada ou quedará sen efecto a redución xa concedida.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

7.1. Consideracións sobre a determinación das cotas.

7.1.1. Cando nun domicilio se simultanee a residencia co exercicio dunha actividade económica, entre a cota resultante de vivenda e a cota resultante de actividade, elixirase a de maior importe.

Terán a consideración de vivendas de uso turístico as que figuren inscritas como tales no Directorio de aloxamentos turísticos da Xunta de Galicia á data do devengo e tributarán por esta taxa segundo o artigo 4.2.

7.1.2. A clasificación das actividades nos diferentes grupos, realizarase naquel no que pola súa natureza máis se asemelle, a criterio da Xestión Tributaria.

Previa xustificación documental e co fin de garantir o principio de pago por xeración, a Xestión Tributaria poderá determinar situacións que deban ser asimiladas a locais sen actividade ou que proceda ás mesmas a aplicación dun coeficiente distinto ao definido con carácter xeral.

7.1.3. Aos efectos do disposto nesta ordenanza, considérase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou do persoal empregado dende zoas comúns ou dende vía pública, constituíndo cada local un obxecto tributario distinto a efectos do pago da presente taxa.

7.1.4. No caso de que un mesmo suxeito pasivo realice varias actividades nun mesmo local, aplicarase un só coeficiente de actividade dos sinalados no art.4. Procederá a aplicación daquel coeficiente que resulte de maior valor entre os de aplicación ás actividades desenvolvidas, considerándose para a mesma a totalidade da superficie do local.

7.1.5. No caso de que varios suxeitos pasivos distintos, realicen cadansúa actividade compartindo un mesmo local, procederá a cada un deles a cota que resulte de aplicación segundo o artigo 5 da presente ordenanza, considerando a totalidade dos metros do local para cada un deles, reducida nun 30%. A aplicación da presente redución, terá efectos a partir do exercicio seguinte ao que se solicite.

Non se aplicará o disposto no parágrafo anterior aos denominados espazos de traballo flexibles (*Coworking* e similares), procedendo unha única cota de actividade ao titular da actividade principal.

7.1.6. No caso de locais ou establecementos que acrediten que a recollida, transporte e tratamento da totalidade dos seus residuos é realizada por un xestor autorizado, aplicarase un coeficiente de actividade 1.

7.1.7. Considerarase que a superficie de local ou establecemento será a establecida polos servizos da Xestión Tributaria, baseándose nas superficies catastrais e nas comprobacións realizadas polo propio servizo, seguindo criterios que permitan determinar as superficies efectivamente destinadas ás actividades.

7.2. Altas, variacións e baixas

7.2.1. As altas nos Padróns fiscais da taxa de residuos produciranse a partir da información contida no Catastro Inmobiliario, rexistro administrativo regulado no RDL 1/2004 de 5 de marzo.

As variacións derivadas de alteracións de titularidade catastral da vivenda ou local (modelo 901 de declaración catastral) surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se produzan.

A efectos da aplicación das taxas reguladas na presente ordenanza, as actuacións dos Servizos de Xestión e Inspección Tributarias do Concello complementarán e/ou corrixirán os datos contidos no Catastro Inmobiliario nos casos de omisión do Ben Inmóbel no rexistro catastral, ausencia de división horizontal e outros.

7.2.2. Para o caso de vivendas, as liquidacións/recibos do padrón da taxa para vivendas relativas a altas e modificacións catastrais non precisarán de notificación individualizada se, con carácter previo, lle fora notificada a correspondente alta ou modificación catastral ao suxeito pasivo da taxa.

7.2.3. Para o caso de actividades económicas:

- As persoas titulares catastrais de locais de uso distinto a vivenda deberán comunicar ao Concello os arrendamentos daqueles, a efectos de causar baixa como contribuíntes e aplicar a tarifa de residuos segundo o tipo de actividade e a superficie do local, aos titulares das actividades económicas. A comunicación dos arrendamentos terá efectos, para a persoa titular catastral, no exercicio seguinte ao da comunicación.

- No caso de subarrendamentos, o/a subarrendador/a terá unha obrigaón análoga á definida no parágrafo anterior para o titular catastral e con idénticos efectos.

- As altas derivadas de nova construción ou rehabilitación así como as altas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data de inicio da actividade.

- Os mencionados documentos 036, 037 e 840 de alta ou variación no censo de empresarios/as, profesionais e retenedores/as, así como as solicitudes de licenza de actividades e instalación ou no seu caso as “declaracións responsables ou comunicacións previas” presentadas na Xerencia Municipal de Urbanismo surtirán os efectos de notificación de alta ou variación no padrón da Taxa de residuos de actividade económica, non sendo necesaria, dende un punto de vista legal, a notificación individual da liquidación incluída no padrón fiscal.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- As variacións de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos o primeiro día do semestre natural correspondente a data da variación na actividade.

- As baixas de actividades económicas presentadas na AEAT nos impresos 036, 037 e, no seu caso, no impreso 840 surten efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formulen. Non obstante, se as baixas foran presentadas no Concello, surtirán efectos para o semestre seguinte a aquel no que se formulen.

- A omisión das correspondentes declaracións de Alta, Variación ou Baixa así como a omisión da comunicación de arrendamentos teñen a consideración de infracción tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. *ELIMÍNASE*

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

A redución do 65% da cota variable doméstica prevista no artigo 5.1. aplicarase de oficio a todas as vivendas habitadas por un mínimo de 1 persoa, continuando vixente esta redución ata que esta ordenanza resulte modificada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

1. En establecementos de actividades económicas de superficie igual ou inferior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 10% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

2. En establecementos de actividades económicas de superficie superior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 20% aplicado sucesivamente ata acadar un importe da cota do anexo desta ordenanza.

3. O disposto na presente disposición transitoria só será aplicable respecto de suxeitos pasivos, actividades e locais que constan no padrón do exercicio 2024 e sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 para beneficiarse da redución do coeficiente de actividade.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO – COTAS RESULTANTES PARA VIVENDAS SEGUNDO O REGULADO NOS ARTIGOS 4.1, 5.1 E 5.3 DA ORDENANZA

TIPO DE VIVENDA	COTA FIXA DE DISPONIBILIDADE	COTA VARIABLE	COTA TOTAL
Sen habitantes	94,33€	9,50€	103,83€

1- 3 habitantes	94,33€	10,29€	104,62€
4-6 habitantes	94,33€	12,92€	107,25€
Máis de 6 habitantes	94,33€	15,37€	109,70€
Con redución do 100% por renda	0€	0€	0€

**ANEXO – COTAS RESULTANTES PARA OS DIFERENTES SECTORES DE ACTIVIDADE
SEGUNDO O REGULADO NOS ARTIGOS 4.2 E 5.2 DA ORDENANZA, SEN PREXUÍZO
DO DISPOSTO NO SEGUNDO PARÁGRAFO DO ARTIGO 5.2**

		TRAMO 1	TRAMO 2	TRAMO 3	TRAMO 4	TRAMO 5	TRAMO 6	TRAMO 7
	COEF. ACTIV.	ata 30 m ²	30 - 100 m ²	100 - 200 m ²	200 - 500 m ²	500 - 1000 m ²	1000 - 2000 m ²	máis 2000 m ²
COEF. SUPERF.		1	1,2	1,4	1,8	2,4	3,5	5
Aloxamento	4,7	443,35 €	525,42 €	607,49 €	771,62 €	1.017,82 €	1.469,19 €	2.084,69 €
Restaurantes	4,5	424,49 €	502,78 €	581,07 €	737,66 €	972,54 €	1.403,16 €	1.990,36 €
Servizos de saúde con hospitalización / residencias	3,5	330,16 €	389,58 €	449,01 €	567,87 €	746,15 €	1.073,00 €	1.518,71 €
Centros educativos (colexios)	3,0	282,99 €	332,98 €	382,98 €	482,97 €	632,95 €	907,93 €	1.282,89 €
Bares e cafeterías	3,0	282,99 €	332,98 €	382,98 €	482,97 €	632,95 €	907,93 €	1.282,89 €
Supermercados e froiterías	2,6	245,26 €	287,71 €	330,16 €	415,05 €	542,40 €	775,86 €	1.094,23 €
Ocio nocturno	2,5	235,83 €	276,39 €	316,95 €	398,07 €	519,76 €	742,85 €	1.047,06 €
Alimentación	2,4	226,39 €	265,07 €	303,74 €	381,09 €	497,12 €	709,83 €	999,90 €
Vivendas de uso turístico	2,3	216,96 €	253,75 €	290,54 €	364,11 €	474,48 €	676,82 €	952,73 €
Servizos persoais e recreativos	1,6	150,93 €	174,51 €	198,09 €	245,26 €	316,01 €	445,71 €	622,58 €
Comercio persoal	1,4	132,06 €	151,87 €	171,68 €	211,30 €	270,73 €	379,68 €	528,25 €
Servizos de saúde sen hospitalización	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Fábricas e talleres	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Garaxes con acceso público	1,3	122,63 €	140,55 €	158,47 €	194,32 €	248,09 €	346,66 €	481,08 €
Comercio fogar	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Almacéns	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Aloxamento sen restauración	1,2	113,20 €	129,23 €	145,27 €	177,34 €	225,45 €	313,65 €	433,92 €
Servizos administrativo	1,1	103,76 €	117,91 €	132,06 €	160,36 €	202,81 €	280,63 €	386,75 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

s									
---	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Para 2025 e seguintes, resultará de aplicación a Disposición transitoria 2ª:

“1. En establecementos de actividades económicas de superficie igual ou inferior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 10% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

2. En establecementos de actividades económicas de superficie superior a 500 metros cadrados, as cotas resultantes para o exercicio 2025 e seguintes non superarán ano a ano o incremento dun 20% aplicado sucesivamente ata acadar o importe da cota do anexo desta ordenanza.

3. O disposto na presente disposición transitoria só será aplicable respecto de suxeitos pasivos, actividades e locais que constan no padrón fiscal desta taxa do exercicio 2024 e sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 5.2 para beneficiarse da redución do coeficiente de actividade.”

Cotas para garaxes privados:

TIPO	COTA
Ata 3 prazas	94,33 €
De 4 a 25 prazas	155,64 €
Máis de 25 prazas	216,95 €

Cotas para locais sen actividade: 103,83€

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(681).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. EXPTE. 3187/500.

Visto o informe de fiscalización do 12/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2024, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro do 2023 aprobouse a última actualización das tarifas da presente Ordenanza.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

3. CONSIDERACIONS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

a) A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2025 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2025 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal.

b) Nos expedientes de modificación de ordenanzas para 2024, consistentes nunha actualización dun 4%, tomáronse como referencia a variación de indicadores entre novembro 2020- a xuño 2023, sendo a variación do IPC un 15,38%.

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, xuño 2024. A data de partida da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que os/as contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC entre novembro de 2020 ata xuño de 2024 alcanzou o 19,20%. Durante este período o Concello de Vigo só aprobou por acordo plenario do 23.09.2023 unha actualización do 4%. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 12,75%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 12,75%.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos/as contribuíntes, entre os anos 2020 e 2024, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos superiores aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 17,82%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 16,48% e os salarios pactados en convenio, o 12,23%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2025.

A actualización nun 4% contida no presente expediente, unida á xa aprobada do 4% para o ano 2024, totalizaría unha actualización do 8,16% entre 2020 e 2024 , porcentaxe aínda moi inferior ao conxunto dos indicadores económicos citados, pois o máis reducido de todos eles ascende ao 11,56% e se comparamos coa variación do IPC (19,20 %), a redución en termos reais dos tipos impositivos aínda é do 9,26% o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal de 2025 pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 9,26%.

c) A proposta contida no presente expediente consiste en actualizar nun 4% as tarifas contidas no artigo 3 da Ordenanza, os ingresos brutos anuais per cápita que constitúen o límite superior para outorgar exención destes prezos públicos, así como actualización do valor catastral na mesma porcentaxe.

d) Dende a perspectiva legal, aínda que, o artigo 44.1 do TRLRFL, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custo previsto para 2025 da Escola Municipal de Danza ascende a 217.689,83 €, sendo os ingresos previstos 11.357,84 €, resultando unha cobertura do 5,22 %; o custo previsto para a Escola Municipal de Música ascende a 536.203,49 € sendo os ingresos previstos de 145.600€, resultando unha cobertura do 27,15%; o custo previsto para a Escola Municipal de Teatro ascende a 188.630,04 € e os ingresos previstos ascende a 36.400 €, polo que a cobertura é dun 19,30

% e o custo previsto para a ETRAD ascende a 322.056,19 € e os ingresos previstos 69.046,64 €, resultando unha cobertura dun 21,44%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria que a actualización prevista desta ordenanza supoñerá nas partidas correspondentes ás distintas escolas do próximo exercicio 2025:

Escola Municipal de Danza: 436,84 €
Escola Municipal de Música: 5.600,00 €
Escola Municipal de Teatro: 1.400,00 €
Escola "ETRAD": 2.655,64 €

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, "cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública" a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 40 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS.**

ARTIGO 3.- CONTÍA.

1. As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Escola Municipal de Danza (EMD).

Alumnado de 4 a 7 anos

- Matrícula..... 43,25 €
- 9 mensualidades de..... 16,20 €

Itinerarios Básico, Medio e Avanzado:

- Matrícula..... 43,25 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- 9 mensualidades de..... 21,65 €

For-Agrup

- Matrícula..... 27,05 €

- 9 mensualidades de..... 10,80 €

b) Escola Municipal de Música.

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula..... 48,65 €

- 9 mensualidades de..... 20,55 €

Itinerarios Básico, Medio e Avanzado:

- Matrícula..... 48,65 €

- 9 mensualidades de..... 32,45 €

Itinerario For-Grup:

- Matrícula..... 37,85 €

- 9 mensualidades de..... 14,05 €

c) Escola Municipal de Teatro.

Dramatización

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 23,80 €

Itinerario Básico, Medio e Avanzado

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 24,85 €

- For-Agrup

Matrícula..... 32,45 €

9 mensualidades de..... 10,80 €

d) Escola Municipal de Música folk e tradicional (E-TRAD).

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 22,70 €

Básico, Medio e Avanzado.

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 23,80 €

For-Agrup

- Matrícula..... 32,45 €

- 9 mensualidades de..... 10,80 €

Cursos monográficos.

20 horas ou fracción..... 28,15 €

40 horas..... 50,85 €

60 horas..... 73,55 €

80 horas ou mais..... 96,25 €

2. Estarán exentas dos Prezos Públicos regulados nesta ordenanza, as persoas membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.680€ e 7.051€ para familias numerosas. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 54.136 €.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditames da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º) Aprobar inicialmente a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 40 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS.**

ARTIGO 3.- CONTÍA.

1. As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Escola Municipal de Danza (EMD).

Alumnado de 4 a 7 anos

- Matrícula..... 43,25 €
- 9 mensualidades de..... 16,20 €

Itinerarios Básico, Medio e Avanzado:

- Matrícula..... 43,25 €
- 9 mensualidades de..... 21,65 €

For-Agrup

- Matrícula..... 27,05 €
- 9 mensualidades de..... 10,80 €

b) Escola Municipal de Música.

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula..... 48,65 €
- 9 mensualidades de..... 20,55 €

Itinerarios Básico, Medio e Avanzado:

- Matrícula..... 48,65 €
- 9 mensualidades de..... 32,45 €

Itinerario For-Grup:

- Matrícula..... 37,85 €
- 9 mensualidades de..... 14,05 €

c) Escola Municipal de Teatro.

Dramatización

- Matrícula..... 43,25 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- 9 mensualidades de..... 23,80 €

Itinerario Básico, Medio e Avanzado

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 24,85 €

- For-Agrup

Matrícula..... 32,45 €

9 mensualidades de..... 10,80 €

d) Escola Municipal de Música folk e tradicional (E-TRAD).

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 22,70 €

Básico, Medio e Avanzado.

- Matrícula..... 43,25 €

- 9 mensualidades de..... 23,80 €

For-Agrup

- Matrícula..... 32,45 €

- 9 mensualidades de..... 10,80 €

Cursos monográficos.

20 horas ou fracción..... 28,15 €

40 horas..... 50,85 €

60 horas..... 73,55 €

80 horas ou mais..... 96,25 €

2. Estarán exentas dos Prezos Públicos regulados nesta ordenanza, as persoas membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.680€ e 7.051€ para familias numerosas. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 54.136 €.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(682).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN. EXPTE. 3188/500.

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 08/08/2024 e o informe de fiscalización do 12/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/07/2024, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en diante, TRLRFL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en diante, LXT)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro do 2023 aprobouse a última modificación da Ordenanza Fiscal nº 50 reguladora das taxas pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Primeira.- Os tributos, ademais de ser medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poden servir como instrumentos da política económica xeral e atender á realización dos principios e fins contidos na Constitución, tal e como establece o artigo 2.1 da LXT. Este precepto engade á propia finalidade recadatoria dos tributos para o financiamento do gasto público, unha finalidade extrafiscal.

Segunda.- Como medida coaduvante á execución de políticas públicas en materia de vivenda, tendo en conta a proposta dos servizos urbanísticos e ao tratarse dun tributo potestativo, procede a modificación do artigo 5 da presente ordenanza para introducir, ao amparo do disposto no artigo 103.2 do TRLRFL unha exención total das taxas para as solicitudes de licenzas de obra destinadas á reforma ou acondicionamento daquelas vivendas que sexan destinadas a alugueiro social e que conten con financiamento ou protección pública.

O informe técnico-económico que obra no expediente acredita o cumprimento do disposto no artigo 24.2 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente a esta taxa.

Segundo os datos proporcionados pola Xerencia de Urbanismo, o impacto orzamentario da presente modificación será de 1.425,00€.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xullo de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 50 REGULADORA DAS TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS.**

ARTIGO 5.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

6. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licenzas de obra destinadas á reforma ou acondicionamento daquelas vivendas que sexan destinadas a alugueiro social e que contén con financiamento ou protección pública.

RENUMÉRANSE os apartados 6 e 7.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 50 REGULADORA DAS TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS.**

ARTIGO 5.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

6. Gozarán de exención total de taxas as solicitudes de licenzas de obra destinadas á reforma ou acondicionamento daquelas vivendas que sexan destinadas a alugueiro social e que contén con financiamento ou protección pública.

RENUMÉRANSE os apartados 6 e 7.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(683).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 3189/500.

Visto o informe de fiscalización do 12/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro do 2023 aprobouse a última actualización das tarifas da presente Ordenanza.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

a) A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2025 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2025 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal.

b) Nos expedientes de modificación de ordenanzas para 2024, consistentes nunha actualización dun 4%, tomáronse como referencia a variación de indicadores entre novembro 2020- a xuño 2023, sendo a variación do IPC un 15,38%.

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, xuño 2024. A data de partida da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que os/as contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC entre novembro de 2020 ata xuño de 2024 alcanzou o 19,20%. Durante este período o Concello de Vigo só aprobou por acordo plenario do 23.09.2023 unha actualización do 4%. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 12,75%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 12,75%.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos/as contribuíntes, entre os anos 2020 e 2024, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos superiores aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 17,82%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 16,48% e os salarios pactados en convenio, o 12,23%.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha

referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2025.

A actualización nun 4% contida no presente expediente, unida á xa aprobada do 4% para o ano 2024, totalizaría unha actualización do 8,16% entre 2020 e 2024, porcentaxe aínda moi inferior ao conxunto dos indicadores económicos citados, pois o máis reducido de todos eles ascende ao 11,56% e se comparamos coa variación do IPC (19,20%), a redución en termos reais dos tipos impositivos aínda é do 9,26% o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal de 2025 pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 9,26%.

c) A proposta contida no presente expediente consiste en actualizar nun 4% as tarifas contidas na presente Ordenanza, os ingresos brutos anuais per cápita que constitúen o límite superior para outorgar exención destes prezos públicos, así como actualización do valor catastral na mesma porcentaxe.

d) Procede realizar correccións de tipo técnico no artigo 5, apartado A.6); artigo 7, apartado A) B), apartado A) D) e A) F); artigo 10, apartado 1, apartado b.2, b.3, b.4, apartado c), d), apartado 2 e apartado 4, apartado b).

e) Dende a perspectiva legal, aínda que, o artigo 44.1 do TRLRFL, prescribe que “o importe dos prezos públicos deba cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custo previsto para 2025 ascende a 13.134.102,47 €, sendo os ingresos previstos 1.955,460 €, resultando unha cobertura do 14,89%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria que a actualización prevista desta ordenanza supoñerá nos conceptos orzamentarios correspondentes ás distintas instalacións deportivas (343.00 a 343.07): 83.460 €.

Esta contía resulta da actualización dun 4% das tarifas dos presentes prezos (74.880 €), á que hai que engadir 2.500 € derivados da modificación do artigo 5 A. 6), 4.140 € procedentes da modificación do artigo 10.1, 4.140 € da modificación do artigo 4.b e deducir 2.200€ pola modificación do artigo 10. b.2.

 - c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
 - De ata tres anos de antigüidade, por un plano.....11,40 €
 - Por cada ano ou plano máis, un recargo de..... 1,70 €
4. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.
- a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina
 - A4.....0,65 €
 - A3.....0,75 €

 - b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina
 - A4.....0,85 €
 - A3.....1,30 €

 - c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina
 - A4.....1,05 €
 - A3.....1,45 €

 - d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina
 - A4.....1,25 €
 - A3.....2,35 €

5. Verificación de poderes:
 - a. Validación de poder, por cada un.....11,40 €
 - b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos,
por cada unha4,95 €
 - c. Simple recoñecemento de sinatura.....2,95 €

6. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:
 - a. Por cada unha dos grupos A e B.....40,00 €
 - b. Por cada unha dos grupos C, D e E 22,35 €

7. Informacións ou consultas urbanísticas:
 - a. Información ou consulta urbanística común.....16,65 €
 - b. Información ou consulta urbanística especial..... 55,35 €

8. Cédulas urbanísticas.....55,35 €

9. Expedición de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de persoas con diversidade funcional, por motivo de extravío. .11,20 €

10. Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento de patrullas, etc.....52,60 €

11. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.....116,00 €

12. Informes de carácter estritamente administrativo das diferentes áreas do Concello. Inclúense neste apartado, inspeccións de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares. 11,40 €

13. Expedición da Autorización Especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas: Por cada vehículo e ano ou fracción.....11,00 €

14. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.51,20 €

15. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987).62,60 €

16. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.....62,60 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

17. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987). 74,10 €
18. Comunicacions sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de Construcións, Instalacións e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51). 52,30 €
19. Certificados relativos á recadación de tributos (**):.....11,40 €
(**) (Os servizos automatizados facilitados na Web do Concello serán gratuítos)
20. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros. 4,25 €
- 21.a Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello, aplicándoselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edición.
- 21.b Documentos en soporte dixital ata 100MB 24,65 €
- 21.c . Documentos en soporte dixital de máis de 100MB49,25 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Proponer ao Pleno, previo Ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

1º) Aprobar provisionalmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ESTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA DE URBANISMO A INSTANCIA DE PARTE (10)

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS.

3. Estarán exentas de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, as persoas integrantes de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.680 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 54.136 €.

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA.

1. **SUPRÍMESE** e **RENUMÉRANSE** os artigos seguintes

1. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- c. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina11,40 €
- d. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de..... 1,70 €

2. Restantes certificados:

- a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina..... 2,60 €
- b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de..... 1,70 €

3. Copias de planos:

- a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados.

- DIN A-4..... 2,20 €
- DIN A-1..... 4,25 €

- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1
un recargo de10,85 €

- b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).

- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).
Por cada Plano..... 1,70 €

- c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- De ata tres anos de antigüidade, por un plano.....11,40 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de..... 1,70 €

4. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

- a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina

- A4.....0,65 €
- A3.....0,75 €

- b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina

- A4.....0,85 €
- A3.....1,30 €

- c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina

- A4.....1,05 €
- A3.....1,45 €

- d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina

- A4.....1,25 €
- A3.....2,35 €

5. Verificación de poderes:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- a. Validación de poder, por cada un.....11,40 €
 - b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos,
por cada unha 4,95 €
 - c. Simple recoñecemento de sinatura.....2,95 €
6. Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:
- a. Por cada unha dos grupos A e B.....40,00 €
 - b. Por cada unha dos grupos C, D e E 22,35 €
7. Informacións ou consultas urbanísticas:
- a. Información ou consulta urbanística común.....16,65 €
 - b. Información ou consulta urbanística especial..... 55,35 €
8. Cédulas urbanísticas.....55,35 €
9. Expedición de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de persoas con diversidade funcional, por motivo de extravío. .11,20 €
10. Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento de patrullas, etc.....52,60 €
11. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.....116,00 €
12. Informes de carácter estritamente administrativo das diferentes áreas do Concello. Inclúense neste apartado, inspeccións de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares. 11,40 €
13. Expedición da Autorización Especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas:
Por cada vehículo e ano ou fracción.....11,00 €
14. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.51,20 €
15. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987).62,60 €
16. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados.....62,60 €
17. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987).74,10 €

18. Comunicaci3ns sobre transferencias ou transmisi3ns de licenzas tanto de Construci3ns, Instalaci3ns e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51).52,30 €
19. Certificados relativos 3 recadaci3n de tributos (***).....11,40 €
 (***) (Os servizos automatizados facilitados na Web do Concello ser3n gratuítos)
20. Carn3s expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros. 4,25
 €
- 21.a 3 edici3n completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentaci3n relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicaci3n do Concello, aplic3ndoselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edici3n.
- 21.b Documentos en soporte dixital ata 100MB 24,65 €
- 21.c . Documentos en soporte dixital de m3is de 100MB ...49,25 €

DISPOSICI3NS FINAIS.

2ª.Esta modificaci3n entrar3 en vigor ao d3a seguinte da súa publicaci3n no BOP e comenazar3 a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificaci3n ou derogaci3n expresa.

2º) Someter a exposici3n p3blica por prazo de 30 d3as h3biles, con inserci3n de anuncio no Bolet3n oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamaci3ns.

3º) Para o caso de non presentarse reclamaci3ns entenderase adoptado o acordo de aprobaci3n definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificaci3n no BOP para a súa entrada en vigor.

Fac3ltase 3 Conceller3a de Orzamentos e Facenda para a aprobaci3n do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(686).- PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS 3S SESI3NS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO P3BLICO, NO PER3ODO XANEIRO A XULLO DE 2024. EXPTE. 98232/332.

Visto o informe de fiscalizaci3n do 19/08/2024, som3tese a aprobaci3n o informe-proposta do 15/07/2024, asinado polo t3cnico do servizo de Educaci3n, e conformado pola xefa do servizo de Educaci3n, a concelleira-delegada de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, reconece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2023, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2024 (Expte 62868/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B (Subgrupo A2) e C (Subgrupo C1); e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D (Subgrupo C2) e E; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 11 de xaneiro ate o 11 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 203 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2023, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solícítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **7.962,12.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2024, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ****0480**, GRUPO A2 (16/01/2024 - 28/06/2024)	27 X 39,78.-€	1.074,06.-€
Zona 2.- VÍCTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: ***8479**, GRUPO C1 (23/01/2024 - 28/06/2024)	28 X 39,78.-€	1.113,84.-€
Zona 3.- MARÍA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ***3536**, GRUPO C1 (27/06/2024 – 08/07/2024)	9 X 39,78.-€.-€	358,02.-€
Zona 4.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ***5864**, GRUPO C1 (11/01/2024 - 26/06/2024)	12 X 39,78.-€	477,36.-€
Zona 5.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ***9165**, GRUPO C1 (23/01/2024 - 01/07/2024)	11 X 39,78.-€.....	437,58.-€
Zona 6.- MARÍA I. BILBAO ECHEGARAY, NIF: ***6481**, GRUPO C1 (30/01/2024 - 28/06/2024)	9 X 39,78.-€	358,02.-€



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Zona 7.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ***6707**, GRUPO C1 (18/01/2024 – 11/07/2024)	20 X 39,78.-€	795,6.-€
Zona 8.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ***9755**, GRUPO A2 (23/01/2024 – 30/01/2024)	3 X 39,78.-€	119,34.-€
Zona 9.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: ***6911**, GRUPO A2 (23/01/2024 - 04/07/2024)	14 X 39,78.-€	556,92.-€
Zona 10.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ***3259**, GRUPO C2 (23/01/2024 - 28/06/2024)	9 X 36,72.-€	330,48.-€
Zona 11.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ***9778**, GRUPO C2 (26/01/2024 - 25/04/2024)	10 X 36,72.-€	367,2.-€
Zona 12.- NURIA MÉNDEZ LEMA, NIF: ***1656**, GRUPO C1 (11/01/2024 - 30/05/2024)	11 X 39,78.-€	437,58.-€
Zona 13.- FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ, NIF: ***5678**, GRUPO C2 (23/01/2024 - 10/07/2024)	18 X 36,72.-€	660,96.-€
Zona 14.- ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ, NIF: ***5912**, GRUPO C1 (23/01/2024 - 01/07/2024)	12 X 39,78.-€.....	477,36.-€
Zona 15.- BEGOÑA CABALEIRO VILLANUEVA, NIF: ***2375**, GRUPO C1 (30/01/2024 - 28/05/2024)	10 X 39,78.-€	397,8.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(687).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2024. . EXPTE. 10198/335.

Visto o informe xurídico do 21/08/2024 e o informe de fiscalización do 27/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/08/2024, asinado Enxeñeiro Municipal adscrito ao Servizo de Comercio, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 16 xullo de 2024, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-

36.704.666), para a realización da “Festa do Mexillón 2024”, o domingo 1 de setembro, no Parque de Castrelos, a carón do Centro Sociocultural, dentro da programación “Vigo en Festas 2024”.

A “Festa Gastronómica do mexillón” organízase nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa lévase a cabo pola “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” está en condicións de organizar a “Festa Gastronómica do Mexillón 2024”, consonte ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A Festa do Mexillón terá lugar o domingo, 1 de setembro de 2024, coa cocción e degustación do mexillón, pregón e entrega do mexillón de ouro, actuacións e como peche o despacho do mexillón.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF G-36.704.666) asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF G-36.704.666) para coaduxuar aos gastos de desenvolvemento da Festa Gastronómica do Mexillón dentro do programa de Festas de Vigo 2024.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 15.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa do Mexillón.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade coas competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local) e facultades delegadas polo decreto da alcaldía de data 21 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28 de xuño de 2024.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a organización da “Festa Gastronómica do Mexillón 2024”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666)” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0005 (Convenio F.P.R El Olivo, Festa do Mexilón) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN

Na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 21/06/2023 e 28/06/2023 e modificación de data 28/06/2024.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10198/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Mexillón 2024, que se desenvolverá o domingo día 1 de setembro de 2024, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2024**” no Parque de Castrelos. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Mexillón, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2024” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello de Vigo está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Mexillón 2024.

IX.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10198/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”. O CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello de Vigo, en canto ao desenvolvemento da XXVI Festa do Mexillón 2024 que terá lugar no Parque de Castrelos o domingo, día 1 de setembro de 2024, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello de Vigo.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

4º.- Comezar as actividades do programa o día e á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, a entregar polo Concello de Vigo.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO DE VIGO copia da póliza e do recibo de pago correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa, unha vez rematado o evento, en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, tal e como require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segunda.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a de garantir a presenza da Policía Local e Protección Civil, si se considerase necesario, durante a celebración do evento, para o seu bo desenvolvemento a petición do organizador a través do Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade.

2º.- Publicidade:

a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

b) Entregar a publicidade co logo do Concello de Vigo (lonas, plumas...) a cal será devolta pola entidade beneficiaria unha vez finalizada a festa.

3º.- Incluir esta actividade na campaña de publicidade que o Concello de Vigo realice con motivo do programa “Vigo en Festas 2024”.

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da XXVI Festa do Mexillón 2024.

O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceira.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarta.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido na Cláusula novena.

Quinta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello de Vigo deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexta.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétima.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Oitava.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Novena.- A entidade beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e como mais tardar antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento e xustificante da transferencia bancaria do pago.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as demais facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décima.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello de Vigo comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a entidade beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello de Vigo recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segunda.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Décimo terceira.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinta.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas Especiais nas propias actividades programadas.

Décimo sétima.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

Décimo oitava.- O Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo novena.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a entidade beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésima.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello de Vigo os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello de Vigo os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segunda.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceira.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio,

18(688).- ADSCRICIÓN AO CONCELLO DE VIGO, POLA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, DO INMOBLE SITO NOS NÚMS. 138 E 140 DA RÚA SAN ROQUE-VIGO. EXPTE.21049/240.

Visto o informe de fiscalización do 20/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 22/07/2024, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio, e conformado pola xefa da Área da Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- L 9/2017 de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- L39/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- RDL 8/2015 de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRLXSS).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- O Excmo. Sr. Alcalde formulou ó Ministerio de Inclusión Seguridade Social y Migraciones, o pasado 30 de marzo do 2023,, unha solicitude de adscripción do inmovible números 136 e 140 da Rúa San Roque desta cidade de Vigo, o considerar que: (...) *El inmueble en cuestión podría servir para prestar servicios de índole social y actividades demandadas tanto por los ciudadanos y ciudadanas a nivel individual como por las asociaciones de vecinos y asociaciones culturales y de comerciantes.*

Para llevar a cabo esta finalidade, solicito al Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones la adscripción del referido inmueble, por el plazo de 50 años, sté destinado al fin por el que se solicita su adscripción de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 103.1 y 104.2 del Texto Refundido de la Ley General de la Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, así como lo re-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

cogido en el artículo 12 bis del Real Decreto 1221/1992, de 9 de octubre, sobre patrimonio de la Seguridad Social. “

Segundo.- Solicitud de adscripción ratificada pola Xunta de Goberno Local, na sua sesión do 21 de xullo do 2023, e da que se lle deu oportuno traslado á Tesorería Xeral da Seguridade Social (Mº de Inclusión Seguridade Social y Migraciones).

TERCEIRO.- En data 18/09/2023, informouse pola Xefa de Participación Cidadan e desenvolvemento Local, coa conformidade do Concelleiro delegado de Participación Cidadan e Distritos, e o Concelleiro dá Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadan e Festas, no que concretanse os fins os que adicariáanse ditos inmobles, e sua adecuación o réximen xurídico de adscripción dos bens pertencentes o patrimonio da Seguridade Social

CUARTO.- Por Resolución do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migración de data 15 de xaneiro do 2024, acordouse *adscribir al Ayuntamiento de Vigo los locales sitos en la calle San Roque, 138-140 bajo de Vigo, para la prestación de servicios y realización de actividades de competencia municipal, por un plazo de 25 años.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

PRIMEIRO.- Consonte coa información que obra no expediente, a Tesorería Xeral da Seguridade Social é propietaria dos seguintes locais sitos no n.º 138-140 baixo da Rúa San Roque desta cidade de Vigo, inscritos no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo:

- Finca rexistral 25065, cunha superficie de 365 m² (Ref catastral 4255220NG2745N0034RM)
- Finca rexistral 42252, cunha superficie de 164,70 m² (Ref catastral 4255221NG2745N0016QA)
- Finca rexistral 42250, cunha superficie de 115,30 m² (Ref catastral 4255221NG2745N0017WS)

SEGUNDO.- As Entidades Locais, na xestión dos seus intereses en no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade vecinal e, en concreto, as que se fai referencia no informe de Participación Cidadan e desenvolvemento Local citado nos antecedentes, e dirixidas a cidadanía en xeral, asociacións veciñais ou sen ánimo de lucro, ou particulares para o desenvolvemento de todo tipo de actividades ou de programas que acoméntanse dende as distintas concellerías municipais, entre outras, as correspondentes a

Igualdade; Xuventude; Benestar Social; ou Participación Cidadan, e todo ello no exercicio das súas competencias (art. 25 e 26 da LBRL).

Así mesmo, nese ámbito competencial e para o cumprimento dos fins públicos aos que atende, as Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a adquisición, posesión ou alleamento de toda clase de bens, así como a celebración dos convenios, acordos, contratos e calquera outros negocios xurídicos, con outras entidades de dereito público ou de dereito privado (art. 5 LRRL).

TERCEIRO.- A LPAP no ámbito da xestión do patrimonio das administracións públicas, e de acordo cos principios que presiden as súas relacións interadministrativas de lealdade institucional, información mutua, cooperación, asistencia e respecto ás respectivas competencias, recoñécelles a facultade de celebrar os contratos, convenios e demais negocios xurídicos para a consecución dos intereses públicos implicados, e nas condicións e termos que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración (artigos. 111, 183 e 187 da LPAP).

Por outra banda, o reximen xurídico do patrimonio da Seguridade Social rixese por las disposicións específicas contenidas no TRLXSS, nas súas normas de aplicación e desenvolvemento e, no non previsto nas mesmas, polo establecido na LPAP (art. 103,2 TRLXSS e Disposición Adicional terceira da LPAP).

Neste marco normativo, foi adoptado o acordo de adscripción dos locais mediante resolución de data 15 de xaneiro do 2024 da Ministra de Inclusión Seguridade Social y Migraciones, o estar previsto no art. 103.1 do texto refundido de dita lei, que *os bens inmobles que forman parte do patrimonio da Seguridade Social, ademais de estar afectos, con carácter prioritario, ós fins da Seguridade Social, poderán ser destinados a fins de utilidade pública a través de sua adscripción, na forma prevista no artículo 104.*

O art. 104.2 sinala que *os bens inmobles do patrimonio da Seguridade Social poderán ser adscritos, polo titular do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones, a (...) outras administracións públicas ou a entidades de dereito público con personalidade xurídica propia (..). A adscripción non alterará a titularidade do ben.*

CUARTO.- A adscripción acordada faise polo prazo de 25 anos, sen que o Concello teña que satisfacer renda algunha polo uso dos locais, debendo facerse cargo, nembargantes e dacordo coa normativa de aplicación, dos gastos de acondicionamento, instalación, conservación, mantemento e demais gastos e impostos que lle correspondan entre os que se inclúe o IBI, e demais impostos municipais e contribucións especiais, así como os de formalización no documento pertinente e gastos rexistrados que se ocasione.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Durante todo o tempo de adscripción, os locais deberan destinarse ó cumprimento dos fins ós que se adscriben, nos termos e condicións previstos no devandito acordo, sendo dito incumplimento causa de desadscripción dos locais (art. 104.4 TRLXSS).

Para sua efectividade, a adscripción requerira do asinamento da correspondente acta de entrega (art. 74 da LPAP).

QUINTO.- A teor do exposto, pódese concluir que non existe inconveniente na aceptación da adscripción, con carácter gratuito e nos termos e condicións expostos, proposta pola TXSS, dos locais 138-140 da rua San Roque, debendo procederse unha vez adoptado o acordo de aceptación e formalizada esta, a sua alta no inventario municipal de bens e deritos, e inscripcion rexistral.

SEXTO.- Resulta competente para a adopción do correspondente acordo de aceptación da adscripción formulada pola TXSS, a Xunta de Goberno Local, conforme co disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Polo anteriormente exposto, e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- *Aceptar a adscripción, gratuita e polo prazo de 25 anos, dos seguintes locais propiedade da Tesorería Xeral da Seguridade Social, sitos na Rúa San Roque n.º 138-140 e inscritos no Rexistro da Propiedade núm. 2 desta cidade de Vigo, nos termos acordados na Resolución do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migración de data 15 de xaneiro do 2024, para a prestación de servizos e realización de actividades de competencia municipal.*

Locais na Rúa San Roque n.º 138-140:

- Finca rexistral 25065, cunha superficie de 365 m² (Ref catastral 4255220NG2745N0034RM)*
- Finca rexistral 42252, cunha superficie de 164,70 m² (Ref catastral 4255221NG2745N0016QA)*
- Finca rexistral 42250, cunha superficie de 115,30 m² (Ref catastral 4255221NG2745N0017WS)*

SEGUNDO.- *Formalizar a adscripción mediante o asinamento da correspondente acta de entrega.*

TERCEIRO.- *Dar de alta a adscripción no Inventario Municipal de bens e dereitos, e inscrición no Rexistro da Propiedade. .*

CUARTO.- *Notificar o presente acordo a Tesorería Xeral da Seguridade Social para o seu coñecemento e aos efectos que procedan.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(689).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA, DERIVADA DA EXECUCIÓN DA OEP 2017-18-19, COMO SUBALTERNO/A-ORDENANZA. EXPTE. 43635/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 28/06/2024, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 12/03/2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais do proceso selectivo para a provisión de 8 prazas de funcionario/a de carreira, Subalterna/o (Ordenanza), subgrupo transitorio E, pola quenda libre, das cales 3 estaban reservadas a persoas con diversidade funcional e unha reservada a persoas con diversidade funcional intelectual, incluída na 3ª fase da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2017, 2018 e 2019, que se publicaron no Boletín Oficial de Pontevedra nº 128 de 07 de xullo de 2020.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, así como o lugar e data da primeira proba do proceso selectivo.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 01 de agosto de 2023, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

IV.- Rematado o proceso selectivo referido, en sesión de data 07/02/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de subalterna/o (Ordenanza), pola quenda de libre, acordou:

“I. Declarar que as seguintes persoas aspirantes superaron o proceso selectivo e propoñer á Xunta de Goberno Local o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, con cargo ás catro prazas de Subalternas/os enmarcadas no subgrupo transitorio E para os efectos de titulación, escala de Administración Xeral, subescala: subalterna, á que acceden pola



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

quenda libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3ª Fase):

QUENDA LIBRE

N.º DE ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	CID RODRÍGUEZ	MELETINA	***4579**	19,17
2	GIL VICENTE	LÚA	***7458**	19,00
3	CRESPO HARRISON	ANITA ANGÉLICA	***3085**	18,68
4	VILLAR SÁNCHEZ	ANTÍA	***7936**	18,68

II. Declarar que as seguintes persoas aspirantes superaron o proceso selectivo e propoñer á Xunta de Goberno Local o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, con cargo ás tres prazas de Subalternas/os reservadas a persoas con diversidade funcional enmarcadas no subgrupo transitorio E para os efectos de titulación, escala de Administración Xeral, subescala: subalterna, á que acceden pola quenda libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3ª Fase):

QUENDA LIBRE.- RESERVA DE DIVERSIDADE FUNCIONAL

N.º DE ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	MAGDALENA VILA	MAURICIO	***9687**	14,50
2	VIGO FERNÁNDEZ	MARTA MARÍA	***7958**	14,47
3	ÁLVAREZ CARNEIRO	ABEL	***8931**	12,27

(...)"

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 09 de abril de 2024, acordou o devandito nomeamento.

V.- Asi mesmo, o órgano de selección, na mesma sesión, de data 07 de febreiro de 2024, acorda propoñer a seguinte lista de reserva, consonte o establecido na base "Disposicións Comúns" das xerais (Boletín Oficial de Pontevedra número 128, do 07.07.2020), aos efectos de eventuais nomeamentos interinos, nos termos do establecido nos criterios de aplicación ás listas de reserva do Concello de Vigo e concordante normativa de aplicación.

N.º DE ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	RAMOS PASCUAL	JULIÁN	***2473**	18,35
2	DIÉGUEZ GONZÁLEZ	ANA BELÉN	***5849**	18,35
3	PÉREZ BARREIRO	GONZALO	***5984**	18,23
4	CASALINI GUTIÉRREZ	CÉSAR	***5308**	17,92
5	BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ	BEATRIZ	***4333**	17,58

6	PAZO DURÁN	MARÍA CONSUELO	***0719**	17,47
7	VIEIRA PARADA	ANA BELÉN	***3435**	17,03
8	FERNÁNDEZ LÓPEZ	TERESA MARÍA	***8931**	16,80
9	FERNÁNDEZ GIL	ANDRÉS	***5700**	16,42
10	TÁBOAS LÓPEZ	SERAFÍN ANTONIO	***7079**	16,10
11	LORENZO VÁZQUEZ	JORGE	***3131**	16,02
12	DAVILA MARTÍNEZ	PATRICIA	***2692**	15,98
13	CONDE MIGUELEZ	ROCÍO	***3438**	15,82
14	PÉREZ REY	BRAIS	***1582**	15,80
15	MONTERO GONZÁLEZ	LINO	***1508**	15,77
16	TEJO FUENTES	BELÉN	***8786**	15,47
17	PÉREZ BANDE	EVA	***2116**	15,45
18	DACOSTA ARGIBAY	MARÍA JOSÉ	***5803**	15,28
19	GÓMEZ YÁÑEZ	MIRIAN	***6016**	15,22
20	SOTO HERMIDA	JOSÉ MIGUEL	***0646**	15,17
21	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	JESSICA	***7667**	15,13
22	CALVO PERMUY	MARÍA AMPARO	***3665**	14,93
23	MONTOTO VARELA	ANA MARÍA	***6531**	14,83
24	ENRÍQUEZ GÓMEZ	YAGO	***5757**	14,67
25	AGUILAR CARRASCAL	MARIA BEGOÑA	***0175**	14,63
26	TRONCOSO ALONSO	ANDREA	***7244**	14,30
27	TEIJELO MANCEBO	LUCÍA	***1709**	14,27
28	OTERO NEIRA	MARÍA JOSÉ	***2865**	14,27
29	RODRÍGUEZ PRIETO	SILVIA	***7120**	13,98
30	PORTELA PARDELLAS	MARÍA JOSÉ	***7880**	13,98
31	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	NATALIA	***5723**	13,80
32	VILAS RODRÍGUEZ	JORGE	***9341**	13,77
33	DOMÍNGUEZ BORINES	VERÓNICA	***2167**	13,62
34	CASTRO DUARTE	ALFREDO BAUTISTA	***0601**	13,55
35	GARCÍA VILLASANTE	JOSÉ MANUEL	***5128**	13,52
36	QUINTELA CEA	JUAN MANUEL	***2638**	13,50
37	MOLINA MAGDALENA	NURIA	***2911**	13,48
38	VÁZQUEZ COSTAS	IRIA	***8515**	13,40
39	SÁNCHEZ HERMIDA	ANA	***0513**	13,38
40	MARTÍNEZ SOTO	MARÍA DE LAS NIEVES	***8753**	13,33
41	FRESCO BARBEITO	ELENA	***0317**	12,83
42	RODRÍGUEZ TOUZA	MÓNICA	***1589**	12,70
43	ÁLVAREZ GARCÍA	GONZALO	***4332**	12,67
44	CASTIÑEIRAS BUJÁN	MARÍA VANESA	***5678**	12,50
45	ROCA BARCIA	ABRAHAM	***3269**	12,50
46	ÁLVAREZ MELÓN	IRIA	***7306**	12,15



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- No apartado de "Outras disposicións comúns" das bases da convocatoria do proceso selectivo establecíase que *"as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación"*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente – tal e como se establece no punto IV e V dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo", (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, e modificadas por acordo do mesmo órgano de data 20 de maio de 2024, no que se establece entre outros:

“(...)As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP(...).”

“(...)As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación (...).”

“(...)As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase ás listas de reserva que podan estar dispoñibles e utilizables polo Concello de Vigo en base aos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos que se conclúan con outras Administracións e Entidades Públicas ao abeiro do disposto na normativa vixente.

Recurrirase, como última opción, á pública convocatoria para a selección de persoal interino, nos termos do marco legal vixente, no suposto de inexistencia de listas de reserva procedentes de oferta, en primeiro lugar; ou no suposto de inexistencia de listas de reserva de uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas consonte aos convenios e acordos de colaboración que se conclúan, en segundo lugar; debendo acreditarse técnicamente, con carácter previo á resolución de inicio de convocatoria pública de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

selección, a eficiencia do recurso ao proceso selectivo, e a non interferencia do proceso a convocar no debido cumprimento dos prazos legais de execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

As listas que resulten da nova pública convocatoria de selección de persoal serán incorporadas para o seu uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas nos termos do que se estableza nos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos retores do sistema de uso compartido(...)"

V.- Segundo o criterio manifestado pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a lista de reserva de persoal Subalterno - Ordenanzas, (Agrupación Profesional, Grupo E) , que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

N.º DE ORDE	APELIDOS	NOME	DNI
1	RAMOS PASCUAL	JULIÁN	***2473**
2	DIÉGUEZ GONZÁLEZ	ANA BELÉN	***5849**
3	PÉREZ BARREIRO	GONZALO	***5984**
4	CASALINI GUTIÉRREZ	CÉSAR	***5308**
5	BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ	BEATRIZ	***4333**
6	PAZO DURÁN	MARÍA CONSUELO	***0719**
7	VIEIRA PARADA	ANA BELÉN	***3435**
8	FERNÁNDEZ LÓPEZ	TERESA MARÍA	***8931**

9	FERNÁNDEZ GIL	ANDRÉS	***5700**
10	TÁBOAS LÓPEZ	SERAFÍN ANTONIO	***7079**
11	LORENZO VÁZQUEZ	JORGE	***3131**
12	DAVILA MARTÍNEZ	PATRICIA	***2692**
13	CONDE MIGUELEZ	ROCÍO	***3438**
14	PÉREZ REY	BRAIS	***1582**
15	MONTERO GONZÁLEZ	LINO	***1508**
16	TEJO FUENTES	BELÉN	***8786**
17	PÉREZ BANDE	EVA	***2116**
18	DACOSTA ARGIBAY	MARÍA JOSÉ	***5803**
19	GÓMEZ YÁÑEZ	MIRIAN	***6016**
20	SOTO HERMIDA	JOSÉ MIGUEL	***0646**
21	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	JESSICA	***7667**
22	CALVO PERMUY	MARÍA AMPARO	***3665**
23	MONTOTO VARELA	ANA MARÍA	***6531**
24	ENRÍQUEZ GÓMEZ	YAGO	***5757**
25	AGUILAR CARRASCAL	MARIA BEGOÑA	***0175**
26	TRONCOSO ALONSO	ANDREA	***7244**
27	TEIJELO MANCEBO	LUCÍA	***1709**
28	OTERO NEIRA	MARÍA JOSÉ	***2865**
29	RODRÍGUEZ PRIETO	SILVIA	***7120**
30	PORTELA PARDELLAS	MARÍA JOSÉ	***7880**
31	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	NATALIA	***5723**
32	VILAS RODRÍGUEZ	JORGE	***9341**
33	DOMÍNGUEZ BORINES	VERÓNICA	***2167**
34	CASTRO DUARTE	ALFREDO BAUTISTA	***0601**
35	GARCÍA VILLASANTE	JOSÉ MANUEL	***5128**
36	QUINTELA CEA	JUAN MANUEL	***2638**
37	MOLINA MAGDALENA	NURIA	***2911**
38	VÁZQUEZ COSTAS	IRIA	***8515**
39	SÁNCHEZ HERMIDA	ANA	***0513**
40	MARTÍNEZ SOTO	MARÍA DE LAS NIEVES	***8753**
41	FRESCO BARBEITO	ELENA	***0317**
42	RODRÍGUEZ TOUZA	MÓNICA	***1589**
43	ÁLVAREZ GARCÍA	GONZALO	***4332**
44	CASTIÑEIRAS BUJÁN	MARÍA VANESA	***5678**
45	ROCA BARCIA	ABRAHAM	***3269**
46	ÁLVAREZ MELÓN	IRIA	***7306**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(690).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA O SUBMINISTRO DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 1729/441.

Visto o informe xurídico do 13/08/2024 e o informe de fiscalización do 22/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/08/2024, asinado pola enxeñeira técnica industrial e o xefe da Área de Inversións, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“(...) Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de subministro de gas natural adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A., con data 12 de agosto de 2022 e formalizado o 14 de setembro de 2022.

Cuarto.- O contrato baseado iniciarase o día seguinte da notificación ao adxudicatario e terá unha duración dun ano.

Quinto.- Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas aplicacións orzamentarias da táboa seguinte, e coa distribución en anualidades que sinala:

			25 SETEMBRO 2023 – 31 DECEMBRO 2023	1 XANEIRO 2024 – 24 SETEMBRO 2024	TOTAL € ANO 1
GRUPO I	CENTROS DOCENTES E GARDERIAS:	3230-2210200	11.041,64 €	42.595,11 €	53.636,75 €
GRUPO II	DEPENDENCIAS MUNICIPAIS:				
GRUPO III	PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO:	9200-2210200	25.983,91 €	101.390,35 €	127.374,26 €
GRUPO IV	PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS- SANTA CRISTINA:	9202-2210200	1.447,34 €	5.652,44 €	7.099,78 €
			38.472,89 €	149.637,90 €	188.110,79 €

...”

Segundo.- Con data 19 de xullo de 2024 recíbese por rexistro xeral (doc. 240225874) o aviso de finalización de contrato en data 29 de setembro de 2024.

Terceiro.- O Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de gas natural da central de contratación da FEMP, no seu artigo 21.2 contempla unha prórroga de 1 ano. Ademais estipula a necesidade de realizar, por parte do órgano de contratación, un preaviso de prórroga dous meses antes da finalización do contrato.

Cuarto.- Con data 23 de xullo de 2024 notifícase o preaviso de prórroga da adhesión ao Acordo marco para o subministro de gas natural da central de contratación da FEMP, por un período dun ano a contar dende a finalización do presente contrato, tal e como establece o artigo 29.9 da lei 9/2017, de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e a cláusula 21.2 do Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP.

A comunicación do presente faise coa antelación mínima esixida de 2 meses tal e como esixe o devandito artigo 29.2 LCSP e leva consigo a obrigatoriedade da prórroga establecida para o contratista.

Quinto.- O Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de gas natural da central de contratación da FEMP no seu artigo 21.2. estipula para os prezos aplicables na prórroga:

“(…)

“... No caso de que o Órgano de Contratación decida exercer a prórroga, os prezos aplicables á mesma serán os prezos revisados conforme ao disposto na cláusula 16.3 do PCA.”.

Sexto.- Con data 31 de xullo de 2024 a empresa subministradora do servizo comunica a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo o seguinte:

“Tendo en conta que o seu contrato finaliza o próximo 29 de setembro de 2024 e en cumprimento do disposto na cláusula 21.2 do Prego de Cláusulas Administrativas (PCA) que rexe o Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP e que polo tanto, resulta de aplicación á execución dos contratos baseados adxudicados, procedemos a propoñer a prórroga do contrato baseado para o período 30 de setembro de 2024 ao 29 de setembro de 2025 e solicitamos ao Concello de Vigo que nos exprese a súa conformidade por escrito.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Se o Concello de Vigo non trasladase a súa conformidade coa prórroga proposta mediante resolución expresa con polo menos 5 días hábiles de antelación á finalización do contrato, procederase , no prazo destes 5 días hábiles, anteriores á finalización do contrato, a realizar os trámites oportunos para dar de baixa os puntos de subministración obxecto do contrato.”

A continuación, a empresa subministradora do servizo, inclúe unha táboa cos valores do TTFHERENMA101 (TTF), que devolve o mercado de futuros con data 25/07/24, e os prezos resultantes en cada unha das tarifas, aplicando o TTF en cada un dos meses.

Forward 25/07/2024	TTFMA Heren+ICE (€/MWh)
ago.-24	32,194
sep.-24	32,637
oct.-24	33,931
nov.-24	36,585
dic.-24	37,715
ene.-25	38,088
feb.-25	38,158

mar.-25	37,678
abr.-25	36,518
may.-25	35,993
jun.-25	35,849
jul.-25	35,948
ago.-25	35,960
sep.-25	36,145

Sétimo- Ao tratarse dun acordo marco o prezo e xustificación da prórroga do contrato derívase do indicado no artigo 16.3 revisión de prezos do PCA que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de gas natural da central de contratación da FEMP.

"16.3 Revisión de prezos do Acordo Marco e dos contratos baseados

Os prezos máximos, en concreto o compoñente variable (TTFHERENMA101), revisarase mensualmente e actualizarase en función da Media aritmética en EUR/Mwh (debidamente transformada a €kWh) das cotizacións diarias (promedio de prezo Bid y Offer - "Month ahead") redondeada a 6 decimais, correspondentes ao mes precedente ao mes de consumo segundo o publicado no "ICIS Heren European Spot Gas Markets" baixo o título de "TTF Price Assesement". .."

Para o cálculo do ano da prórroga, considérase a evolución do valor futuro TTFHERNMA101 nese período de tempo. E na parte regulada, e tal como foi notificado pola adxudicataria, GAS NATURAL

COMERCIALIZADORA, se deberá ter en conta a variación das peaxes do pasado 01 de outubro de 2023 e a repercusión da variación do Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética dende o 1 de abril de 2024 (Orde TED/268/2024).

CÁLCULO PRECIO TV OFERTA GAS NATURAL AYUNTAMIENTO DE VIGO

AYUNTAMIENTO DE VIGO	TARIFA DE ACCESO						TTFHERNMA101 (1)
	RL1	RL2	RL3	RL4	RLTB5	RLTB6	
Descuento (€/kWh)	0,006600	0,006600	0,006600	0,006600	0,006600	0,006600	37,056
Coefficiente K (€/kWh)	0,027712	0,024864	0,022703	0,024291	0,023339	0,016429	
Variación Peajes Octubre 2023	-0,035800	-0,046800	-0,101100	-0,014700	-0,012700	0,059600	
Variación FNEE Abril 2024	0,047700	0,047700	0,047700	0,047700	0,047700	0,047700	
Precio c€/kWh sin descuento	6,4887	6,1929	5,9225	6,1677	6,0745	5,4558	
Precio c€/kWh con descuento	5,8287	5,5329	5,2625	5,5077	5,4145	4,7958	
Precio €/kWh con descuento	0,058287	0,055329	0,052625	0,055077	0,054145	0,047958	

Precio €/kWh: Precio final para cada tarifa expresado en €/kWh teniendo en cuenta el TTFHERNMA101 indicado en celda y en vigor en el momento del envío del documento de invitación.
Con 6 decimales.

Sendo o valor TTFHERNMA101= 37,056 media do ano de prórroga ponderando os meses de mais consumo.

Táboa previsión de consumos de enerxía:

No referente a estimación dos consumos establececese en base ao histórico unha valoración de consumo para cada un dos grupos e de acordo a cada unha das tarifas de aplicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

ANEXO I: LISTADO DE PUNTOS DE SUBMINISTRO ORDENADO POR FAMILIAS CON ESTIMACIÓN DE CONSUMOS ANUALES

	COLEGIOS PÚBLICOS Y ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES:	CUPS	PRESIÓN (bares)	TARIFA ACCESO	CONSUMOS estimados kWh/año
--	--	------	-----------------	---------------	----------------------------

ANEXO II: LISTADO DE PUNTOS DE SUBMINISTRO ORDENADO POR TARIFAS CON ESTIMACIÓN DE CONSUMOS ANUALES

GRUPO	DEPENDENCIAS MUNICIPALES:	CUPS	PRESIÓN (bares)	TARIFA ACCESO	CONSUMOS estimados kWh/año
GRUPO I	C.E.I.P. PINTOR LAXEIRO	ES0224050041356725SJ	< 4	RL.1	11.846
GRUPO II	LABORATORIO	ES0224050026610391HZ	< 4	RL.1	35
GRUPO I	E.I.M. CAMIÑO AREEIRO BEMBRIVE	ES0224050000756673EK	< 4	RL.2	13.456
GRUPO I	E.I.M. CASIANO MARTÍNEZ	ES0224050035769588EJ	< 4	RL.3	41.942
GRUPO I	E.I.M. TOMÁS ALONSO	ES0224050035769648WG	< 4	RL.3	44.021
GRUPO I	C.E.I.P. ILLAS CÍES	ES0224050031106254JK	< 4	RL.3	89.051
GRUPO I	C.E.I.P. A PAZ- TINTUREIRA	ES0224050025580170FD	< 4	RL.3	56.513
GRUPO I	C.E.I.P. ALTAMAR	ES0224050029815541SE	< 4	RL.3	26.966
GRUPO IV	PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS- SANTA CRISTINA	ES0224050000236441JA	< 4	RL.3	88.443
GRUPO I	C.E.I.P. DOCTOR FLEMING	ES0224050023110106TF	< 4	RL.4	128.633
GRUPO I	C.E.I.P. CANIDO- RÍA DE VIGO	ES0224050030970403HP	< 4	RL.4	86.189
GRUPO I	C.E.I.P. VIRXE DO ROCÍO	ES0224050038686727DQ	< 4	RL.4	104.283
GRUPO II	CASA DO CONCELLO	ES0224050012706123VM	< 4	RL.4	608.420
GRUPO III	PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO	ES0224050034556977QP	< 4	RLTB.5	967.434

Total consumo **2.267.232** kWh/año

Tendo en conta os datos anteriores, xustifícase o prezo para a prórroga proposta:

RESUMEN IMPORTE ANUAL GAS NATURAL CONTRATO 1729-441

365	12,00	37,0560	TTFHRENA101
días facturación	meses		

SUBMINISTRO	CUPS	TARIFA	CONSUMOS kWh	Total Término Fijo €	Término Variable €/kWh	Total término variable €	IMPUESTO ESPECIAL Hidrocarburos (0,65 €/GJ)	Importe TOTAL alquiler contadores e telemedida e outros conceptos €	TOTAL sen IVE	TOTAL con IVE 21%
CENTROS DOCENTES E GARDERIAS:										
E.I.M. CASSIANO MARTINEZ	ES0224050035769588EJ	RL.3	41.942	143,98 €	5,262500	2.207,20 €	98,14 €	2,22 €	2.451,54 €	2.966,36 €
E.I.M. TOMAS ALONSO	ES0224050035769648WG	RL.3	44.021	143,98 €	5,262500	2.316,61 €	103,01 €	1,12 €	2.564,72 €	3.103,31 €
C.E.I.P. DOCTOR FLEMING	ES0224050023110106TF	RL.4	128.633	394,13 €	5,507700	7.084,72 €	301,00 €	60,00 €	7.839,85 €	9.486,22 €
C.E.I.P. ILLAS CIES	ES0224050031106254JK	RL.3	89.051	143,98 €	5,262500	4.686,31 €	208,38 €	0,00 €	5.038,67 €	6.096,79 €
C.E.I.P. PINTOR LAXEIRO	ES0224050041356725SJ	RL.1	11.846	26,83 €	5,828700	690,47 €	27,72 €	13,92 €	758,93 €	918,31 €
C.E.I.P. CANIDO-RIA DE VIGO	ES0224050030970403HP	RL.4	86.189	394,13 €	5,507700	4.747,03 €	201,68 €	0,00 €	5.342,85 €	6.404,84 €
C.E.I.P. A PAZ- TINTUREIRA	ES0224050025580170FD	RL.3	56.513	143,98 €	5,262500	2.974,00 €	132,24 €	230,40 €	3.480,62 €	4.211,55 €
C.E.I.P. VIRXE DO ROCIO	ES0224050038686727DQ	RL.4	104.283	394,13 €	5,507700	5.743,59 €	244,02 €	58,20 €	6.439,95 €	7.792,34 €
C.E.I.P. ALTAMAR	ES0224050029815541SE	RL.3	26.966	143,98 €	5,262500	1.419,09 €	63,10 €	57,36 €	1.683,53 €	2.037,07 €
E.I.M. CAMIÑO ARIEIRO BEMBRIVE	ES0224050000756673EK	RL.2	13.456	60,46 €	5,532900	744,51 €	31,49 €	0,00 €	836,45 €	1.012,10 €
DEPENDENCIAS MUNICIPAIS:										
CASA DO CONCELLO	ES0224050012706123VM	RL.4	608.420	394,13 €	5,507700	33.509,95 €	1.423,70 €	480,00 €	35.807,78 €	43.327,42 €
LABORATORIO	ES0224050026610391HZ	RL.1	35	26,83 €	5,828700	2,04 €	0,08 €	14,16 €	43,11 €	52,16 €
PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS- SANTA CRISTINA:										
PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS- SANTA CRISTINA	ES0224050000236441JA	RL.3	88.443	143,98 €	5,262500	4.654,31 €	206,96 €	7,32 €	5.012,57 €	6.065,21 €
PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO:										
PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO	ES0224050034556977QP	RLTB5	967.434	1.398,79 €	5,414500	52.381,71 €	2.263,80 €	1.032,00 €	57.076,30 €	69.062,32 €
TOTAL			2.267.232,00	3.953,32 €		123.161,53 €	5.305,32 €	1.956,70 €	134.376,87 €	162.596,01 €

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de cláusulas administrativas que rexe a celebración do acordo marco para a subministración de gas natural da central de contratación da FEMP, no seu artigo 21.2 contempla unha prórroga de 1 ano. Ademais estipula a necesidade de realizar, por parte do órgano de contratación, un preaviso de prórroga dous meses antes da finalización do contrato.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato baseado no Acordo marco para o subministro de gas natural da central de contratación da FEMP, por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 30/09/2024 ata o 29/09/2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de CIENTO SESENTA E DOUS MIL CINCO CENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON UN CÉNTIMO (162.596,01 €) Ive engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.219,14 €

Sexto.- O importe da primeira prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias, segundo a seguinte distribución anual:

		PARTIDA	30 Setembro- 31 Decembro 2024	1 Xaneiro- 29 setembro 2025	TOTAL 1 ANO
GRUPO I	CENTROS DOCENTES E ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPALES	3230-2210200	11.023,68 €	33.065,21 €	44.088,90 €
GRUPO II	DEPENDENCIAS MUNICIPAIS				
GRUPO III	PAZO DE CONGRESOS/ AUDITORIO MAR DE VIGO	9200-2210200	28.114,36 €	84.327,55 €	112.441,90 €
GRUPO IV	PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS- SANTA CRISTINA	9202-2210200	1.516,51 €	4.548,70 €	6.065,21 €
			40.654,55 €	121.941,46 €	162.596,01 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do vixente contrato baseado no Acordo marco para o subministro de gas natural da central de contratación da FEMP, formalizado coa entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., polo período comprendido dende o 30 de setembro de 2024 ata o 29 de setembro de 2025.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado baseado no Acordo marco para o subministro de gas natural da central de contratación da FEMP, a favor da entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., por importe de CIENTO SESENTA E DOUS MIL CINCO CENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON UN CÉNTIMO (162.596,01 €) Ive engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.219,14 €; e

imputando o devandito gasto ás seguinte aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución anual:

		PARTIDA	30 Setembro- 31 Decembro 2024	1 Xaneiro- 29 setembro 2025	TOTAL 1 ANO
GRUPO I	CENTROS DOCENTES E ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPALES	3230-2210200	11.023,68 €	33.065,21 €	44.088,90 €
GRUPO II	DEPENDENCIAS MUNICIPAIS				
GRUPO III	PAZO DE CONGRESOS/ AUDITORIO MAR DE VIGO	9200-2210200	28.114,36 €	84.327,55 €	112.441,90 €
GRUPO IV	PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS-SANTA CRISTINA	9202-2210200	1.516,51 €	4.548,70 €	6.065,21 €
			40.654,55 €	121.941,46 €	162.596,01 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(691).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA-MOLEDO. EXPTE. 6406/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/08/2024, asinado pola técnica de xestión-xefa do servizo Administrativo e Control Orzamentario (R.C. 24/07/2024), o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto de "ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA - MOLEDO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €) e de data da sinatura dixital 25 de abril de 2024.

II.- O Xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 30.04.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 08.05.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O proxecto contempla as actuacións necesarias para reparar e estabilizar o talude perimetral do Campo de Fútbol As Relfas Sárdoma - Moledo, sito na parroquia de Sárdoma, limitando coa parroquia de Beade.

O campo de fútbol de Relfas Sárdoma-Moledo foi construído sobre unha explanación, modificando a topografía orixinal da parcela, de forma que a zona Este foi escavada no terreo e o ámbito Oeste foi asentado sobre unha zona de recheo, resolto cun talude de pendente constante que salva unha altura variable ata alcanzar os 16 metros de desnivel.

Na actualidade comprobábase que existen asentamentos do talude, afectando á zona pavimentada do nivel superior do campo de fútbol. Sendo especialmente acusado na cara Oeste.

O obxecto principal deste proxecto é conseguir unha estabilización do terreo que rodea á instalación, para evitar o avance dos problemas de afundimentos localizados nos extremos do campo, así como reparar os danos xerados polos movementos do terreo, mediante a reposición dos firmes danados.

Polo tanto, as accións que leváranse a cabo son basicamente as seguintes:

- Desbroce do terreo.
- Movemento de terras para a execución do muro de mampostería, e posterior recheo de trasdós coa finalidade de dotar ao terreo do ángulo de estabilidade necesario.
- Demolición de pavimentos deteriorados.
- Reposición do paquete de firme na explanada.
- Execución de drenaxe mediante cuneta perimetral á explanada, e conexión ao drenaxe existente.
- Retirada e reposición de peche perimetral con malla metálica simple torsión.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (cinco) 5 MESES.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 08.08.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), e a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial. Nesta documentación clasifícase urbanisticamente o solo da actuación como:

- O Campo de fútbol está incluído dentro dun Sistema Xeral de Equipamento no Solo urbano consolidado, e o talude encontrase dentro do Solo non urbanizable.*

O ámbito encontrase afectado por:

- Cauces: o ámbito está próximo ao curso fluvial Río Barxa. O talude a estabilizar está fora de zona de policía de cauce, a unha distancia de 2,70 m no punto máis próximo.*
- Non se detectaron no ámbito afeccións as zonas de protección do Patrimonio cultural.*
- Con respecto á afección de Espazos Naturais, o ámbito non se encontra dentro de: Rede Natura 2000, nin R.Galega Espazos Protexidos, nin en Outros Espazos protexidos, nin Reservas da Biosfera.*

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "**ANÁLISE TÉCNICO E EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN PERIMETRAL E O TALUDE NO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL SÁRDOMA - MOLEDO**", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS DEZAOITO MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (718.681,04 €) e de data da sinatura dixital 25 de abril de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(692).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “SUBSTITUCIÓN MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “PISTA VERMELLA” DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS. EXPTE. 6418/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/08/2024, asinado pola técnica de xestión-xefa do servizo Administrativo e Control Orzamentario (R.C. 24/07/2024), o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para a "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “PISTA VERMELLA” DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €), de data marzo de 2024 e con data da sinatura dixital 14 de maio de 2024.

II.- O Adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico e o Xefe da Área de Servizos Xerais en datas 14 e 16 de maio de 2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 16 de maio de 2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación se desenrola no pavillón polideportivo Pista Vermella do Complexo Polideportivo das Travesas do Concello de Vigo. A parcela onde se localiza a actual instalación atópase na Avenida de Castrelos nº 1, de Vigo, con referencia catastral 2343301NG2724S0740900054057A. A superficie aproximada da cuberta de chapa a substituír acada os 1.515 m2.

As actuacións previstas no presente proxecto son as precisas para a execución da substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo “Pista Vermella”, que se atopa afectada por oxidacións xeneralizadas en toda a súa superficie e que derivaron en perda de sección das chapas, perforacións nas mesmas e entrada de auga no interior do recinto deportivo.

A execución do cambio de cuberta terá que compatibilizarse co desenvolvemento de actividades deportivas no resto de recintos do Complexo Polideportivo incluíndo o tránsito de usuarios pola proximidade do recinto no que se desenvolverán as obras de reforma.

Proxectase a necesidade de desmonta-los materiais de cobertura existentes, dobres chapas e paneis



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

de aceiro e de policarbonato, e montar unha nova cobertura compatible ca estrutura existente combinando partes cegas e partes translúcidas. Resulta necesario empregar materiais que permitan unha mellora das condicións de illamento térmico.

Proxectase a execución dunha nova cuberta a dúas augas respectando as pendentes e forma da cuberta actual xa que se manteñen tanto as fachadas do edificio coma a estrutura do mesmo. Manterase tamén a proporción de cuberta de chapa cega e tramos de policarbonato translúcidos.

A nova cuberta estará formada por panel sándwich de chapa de aceiro en perfil comercial, formada por chapa prelacada en ambas caras (exterior e interior) de 0,6 mm de espesor, e núcleo illante de lan de rocha. Totalmente montada sobre correas metálicas ou soporte estrutural existente incluído todo tipo de remate para garantía-la estanquidade do elemento construtivo.

Contará con lucernarios formados por placas de policarbonato celular translúcidos opais de 32 mm de espesor con tratamento ultravioleta nas dúas caras, terminado en condicións de estanquidade con sistema compatible cos paneis sandwich para garantía-la estanquidade requirida ó conxunto.

Instalaranse novos canlóns de chapa de aceiro prelacada de 0,6 mm de espesor.

A execución da obra incluírá a desmontase do sistema de seguridade (liñas de vida, puntos fixos,etc) para o acceso á cuberta existente e a súa montaxe unha vez executada a instalación do novo material de cobertura. Será preciso certificar a seguridade do sistema por empresa homologada a tal fin para que poida ser empregado polo persoal municipal nos traballos de mantemento da cuberta.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SESENTA) 60 días naturais.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 14.08.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Segundo o PXOU de Vigo, aprobado definitivamente o 29/04//1993, a parcela ten a clasificación urbanística de: Parcela con calificación de Ordenanza dotacional 3.2 Dotacional deportiva.

A parcela e a edificación existente conta ca totalidade de servizos urbanísticos (abastecemento de auga, evacuación de augas residuais á rede municipal de saneamento, subministro de enerxía eléctrica, acceso rodado por vía pública, telefonía).

As obras a executar son obras de mantemento da edificación existente polo que son obras permitidas polas ordenanzas de aplicación.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as

disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a "**SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA VERMELLA" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO**", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €), de data marzo de 2024 e con data da sinatura dixital 14 de maio de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(693).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA". EXPTE. 6489/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/08/2024, asinado pola técnica de xestión-xefa do servizo Administrativo e Control Orzamentario (R.C. 24/07/2024), o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 11.03.2024 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo.

III.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 13.08.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais en data 14.08.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O ámbito de actuación localízase no parque Nelson Mandela sito en Rúa da Poza do Cabalo, Navia, no término municipal de Vigo (Pontevedra). O presente proxecto contempla as actuacións necesarias para a reconstrución do muro, unha vez completada a súa demolición. Redúcese a cota do terreo na parte superior do parque para reducir o impacto visual. Proxéctase para a construción do novo muro de contención o uso de gavións, unha solución xa utilizada no entorno do Parque Nelson Mandela.

Na esquina do muro actual proxéctase a construción dunhas gradas para integrar a parte superior do parque coa vía pública. Na unión entre as gradas e o novo muro de gavións constrúese unhas escaleiras que permitan o acceso peonil á parte superior do parque.

Para poder realizar a execución do muro, realizáranse unha serie de actuacións previas, que inclúen:

- Valado de seguridade: Establecemento de valado de seguridade que impida o acercamento á zona de actuación.
- Instalacións: Aseguramento das instalacións e canalizacións existentes.
- Demolicións: Demolición das escaleiras, pavimentos, rampla de formigón e muro superior da rampla.
- Movemento de terras: Escavación do talude e cuña para a construción do muro, escavación do talude para a construción das gradas, retaluzado da parte superior do parque en contacto coa rampla existente.
- Traslado ao vertedeiro: Traslado ao vertedeiro autorizado dos escombros xerados na demolición. Retirada das terras do talude ao vertedeiro autorizado, que non sexan aptas para ser empregadas nin recheo da cuña.

Para a construción do muro e as gradas, contéplase as seguintes actuacións:

- Construción: Instalación de malla xeotextil no trasdós do muro para permitir o de auga sen lavado de áridos, construción dun muro de contención de gavións, recheo granular do trasdós do muro, reconstrución da rampla de formigón e reposición do canlón de drenaxe. Construción de escaleiras de formigón, construción de escaleiras de madeira sobre base de formigón, construción do apoio de formigón para as gradas e instalación das gradas de formigón prefabricado.
- Urbanización: Reposición da beirarrúa existente e unión coa sala eléctrica, gradas e escaleiras, colocación de pavimento terrizo peonil no camiño indicado no plano e instalación de pasamáns no tramo do muro xunto á escaleira.

Xardinería: Instalación de tepes de céspede natural e plantación en parterre de especies de baixo requirimento de rego.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOCE) 12 SEMANAS.

V.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 14.08.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

Tendo en conta o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993 vixente, debido á declaración de nulidade de Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08, segundo sentenza do Tribunal Supremo recurso casación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

núm. 1658/2014. En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos Técnicos Municipales da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.

Así mesmo, o presente proxecto non altera a calificación existente establecida na Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, versión para aprobación inicial, fechado en xullo de 2021 e aprobado ó 26 de agosto de 2021 polo pleno do Concello de Vigo.

Segundo a documentación gráfica do Plan Parcial de San Paio de Navia a parcela identifícase por P2 e encóntrase clasificada como Zona de Espazo Libre. Defínese como espazo destinado a parques e xardíns públicos destinados ao ocio e ao esparexemento. Solo permitiranse, con carácter temporal, edificacións desmontables cunha ocupación máxima do 1% e total respecto do arborado. A actuación proposta non ten incidencia urbanística, xa que centrase na reconstrución dun elemento existente con características similares. Tense en conta as condicións de deseño para zonas verdes establecidas no texto refundido trala 2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia.

Segundo a documentación gráfica do IOP a zona de actuación non encontrase afectada por ningún elemento do Catálogo (2008) do vixente PXOM de Vigo nin dentro dun área de protección. A actuación proposta non ten incidencia urbanística xa que centrase na reconstrución parcial dun elemento existente con características similares.

Segundo o establecido na Revisión del PXOM, a parcela obxecto de estudo encontrase definida como SUC, Solo Urbano Consolidado.

No catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos recollidos na revisión do PXOM a parcela obxecto de estudo, encontrase afectada en parte pola área de protección do seguinte elemento:

- EH.09.001: Conxunto de hórreos de parroquia de Matamá.

A zona de actuación para a construción do muro, non se ve afectada pola zona de protección dos bens que afectan á parcela.

Por outro lado, os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **"RECONSTRUCCIÓN DO MURO DE CONTENCIÓN NO PARQUE NELSON MANDELA, NAVIA"**, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

orçamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CINCUENTA MIL DOUSCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (450.272,46 €) de data da sinatura de xullo de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(694).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA CON SISTEMA ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXILANCIA NOS INMOBLES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 9978/336.

Visto o informe xurídico do 23/08/2024 e o informe de fiscalización do 26/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/08/2024, asinado pola técnica do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada de Turismo e Xuventude e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 2 de xuño de 2022 adoptou o seguinte acordo: “Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP) para a **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA DE VIDEOVIXILANCIA, INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE**

- Edificio de usos múltiples VIGOSÓNICO: Estrada do Portal, s/n - Polígono Tecnolóxico de Valladares

Casa da Xuventude: Rúa López Mora, 31". EXPTE. 9452/336.

Segundo.- En data 29/07/2022 asínase o **informe de resolución da Concelleira**, onde consta que foi adxudicado o contrato a " SEGURSYSTEM EUROPA S.L. B36562429 . o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXILANCIA, INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE, e onde ""Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- 1.-Módulos antisabotaxe 10 Máxima Puntuación
- 2.-Detectores volumétricos 16 Máxima Puntuación.
- 3.-Incrementa o número cámaras de videovixilancia sobre o mínimo exigido no PPT (4 cámaras) en 2 cámaras.
- 4.-Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota si con acceso desde móbil á plataforma si con xestión de cámaras remotas si
- 5.- Propón un tempo de resposta ante avarías de menos de 3 horas. Máxima Puntuación.
- 6.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.""

Terceiro:- En data 31 de agosto 2022 foi asinado o respectivo contrato, que en relación co prazo de duración establece segundo a cláusula 4ª do Prego de Cláusulas Administrativas do expte 9452-336, Anexo I:

- a) PRAZO TOTAL: 2 anos
- b) PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, 2 dun ano de duración cada unha"

Cuarto.- O importe do contrato para o período da 1ª prórroga ascende a 2.056,32 € distribuídos do seguinte xeito:

- Período dende o 1 de setembro a decembro de 2024: 685,44 € (RC 202400004850)
- Período dende xaneiro ao 31 de agosto de 2025: 1.370,88 €

Quinto.- En data 02/08/2024 envíase comunicación de preaviso de prórroga para a conformidade da adxudicataria.

Sexto.- En data 05/08/2024 remítese vía Rexistro Municipal (Docs nº: W1144874-9765, R20240059050) os documentos de conformidade e aceptación da 1ª prórroga DO CONTRATO PARA A "PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXILANCIA, INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE.” a nome de
D. HORACIO JUAN REYES CRESPO, con DNI 42003739N en representación de
SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., con C.I.F. B36562429, en calidade de
Administrador.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Consonte o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

O artigo 29.4 establece que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

Segundo.- Segundo o **Prego de Cláusulas Administrativas, na cláusula 7, apdo 3**, “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

No apartado 4 das FEC, establécese que o prazo do contrato é de (2) anos. Contemplase 2 prórrogas dun (1) ano cada unha.

A data de sinatura dos contratos foi o 31 de agosto de 2022.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar o contrato de **PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXIANCIA, INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE**. EXPEDIENTE: 9452-336, propónse a 1ª prórroga deste contrato, sen introducir ningunha variación nos termos contratados, polo período dun ano contado dende o 1 de setembro de 2024 e ata o 31 de agosto de 2025, toda vez que os traballos durante o primeiro ano desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

Cuarto.- O período da 1ª prórroga do contrato comporta un prezo anual de 2.056,32 € distribuídos do seguinte xeito:

- Período dende o 1 de setembro a decembro de 2024: 685,44 € (RC 202400004850)
- Período dende xaneiro ao 31 de agosto de 2025: 1.370,88 € con cargo á partida orzamentaria 3370. 2279902. MANTEMENTO DE APARATAXE

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe , en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de **PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXIANCIA, INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPEDIENTE : 9978-336** , polo período dun ano, dende o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2025 a nome do adxudicatario:

1.- D. HORACIO JUAN REYES CRESPO, con DNI 42003739N en representación de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., con C.I.F. B36562429.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 2.056,32 €, IVE incluído, distribuídos do seguinte xeito:

- Período dende o 1 de setembro a decembro de 2024: 685,44 € (RC 202400004850)
- Período dende xaneiro ao 31 de agosto de 2025: 1.370,88 €

e que corresponde a **primeira prórroga para a PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXIANCIA, INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. (EXPEDIENTE 9978-336)**, con cargo á partida orzamentaria con cargo á partida orzamentaria 3370. 2279902. MANTEMENTO DE APARATAXE.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do servizo para a execución das tarefas de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova grada de gol do estadio municipal de Balaídos". Expte. 1995/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

25(695).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". EXPTE. 1995/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 22/08/2024 e posterior do 29/08/2024, e o informe de fiscalización do 29/08/202, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/08/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais , o

concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1º.- No marco do expediente 5036-440 adxudicouse a D. Pedro De la Puente Crespo o servizo de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador do estadio municipal de Balaídos (Expte. 5.036-440).

2º.- O dito arquitecto, adxudicatario do contrato, trala fase de supervisión do borrador, presentou proxecto de obras de execución de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 04.04.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05.04.2024 aprobou o proxecto de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), data novembro de 2023, e con sinatura dixital de data 2 de abril de 2024. Expte. 4865-443.

4º.- En data 06.05.2024 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, en virtude da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 (BOPPO nº129 de 05.07.2023), acordou o inicio do expediente para a contratación das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". Expte. 1966-441.

5º.- Trátase dunha actuación cofinanciada mediante o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS. NOVA GRADA DE GOL. (Expte. 1869-441).

6º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 30.05.2024 emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos acordou o inicio do expediente de contratación.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Servizos Xerais con data do 30.05.2024, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 30.05.2024.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial Municipal e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 12.06.2024.
- d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12, 13 e 14 de xuño de 2024 respectivamente.
- e) Certificado de crédito asinado pola Dirección superior Contable e Orzamentación en datas 17 e 20 de xuño de 2024
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario Servizo Xestor, e polo Xefe de Área de Servizos Xerais asinada en data 25.06.2024.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 28.08.2024.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 28.08.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu

método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do "SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".

Segundo.- Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial Municipal e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 12.06.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e asinado en data 28.08.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de CENTO OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (181.283,41 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 31.462,41 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.10 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIÓDOS", proxecto de gasto 14933010, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	12.457,33 €
------	-------------



CONCELLO DE VIGO

Expte.1734 /1102

2025	85.124,38 €
2026	83.701,70 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 683,33 % e para a terceira anualidade nun 671,91 % .

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(696).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez